



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

ELEMENTOS MÍNIMOS RESPECTO ÁS SOLICITUDES DE MOSTRAXES/PROSPECCIÓNS DE RECURSOS VIVOS EN AUGAS INTERIORES

A Circular do 20 de outubro de 2009 da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños pretende establecer os aspectos mínimos que deben conter as solicitudes, para a realización das mostraxes e/ou prospeccións de recursos mariños vivos en augas interiores, que desexen levar a cabo as diversas entidades e que teñen como obxectivo o coñecemento do medio ou a investigación vencellada aos recursos mariños vivos. Esta circular pretende ademais axilizar e simplificar os procedementos e aclarar as constantes dúbidas, tendo en conta, ademais, a Circular do 2 de febreiro de 2005 ditada pola Subdirección Xeral de Ensino e Desenvolvemento Pesqueiro, relativa ás solicitudes de autorizacións para intervencións subacuáticas de carácter laboral, profesional ou científica de calquera tipo.

1. Lugar de presentación das solicitudes para a realización de mostraxes e/ou prospeccións de recursos mariños vivos en augas interiores

As solicitudes para a realización de mostraxes/prospeccións de recursos mariños vivos, dirixiranse á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños, da Consellería do Mar, segundo o modelo que figura no anexo I desta circular. O modelo tamén estará a disposición nas páxinas web: webpesca.xunta.es e pescadegalicia.com. Poderán presentarse no rexistro único e de información do complexo administrativo de San Caetano, ou no de calquera dos seus departamentos territoriais e delegacións comarcais, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38º da *Lei 30/1992, do 26 de novembro de 1992, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común*. Tamén serán válidas as solicitudes que se dirixan vía fax (981 544 740) ou aos seguintes enderezos de correo electrónico:

- Servizo de Pesca: smarpes@xunta.es
- Servizo de Marisqueo: servizo.marisqueo@xunta.es

A unidade administrativa responsable da tramitación será:

- Servizo de Pesca, cando se trate de especies piscícolas ou propias da actividade pesqueira
- Servizo de Marisqueo:
 - cando se trate exclusivamente de especies marisqueiras ou propias da actividade marisqueira, algas e poliquetos incluídos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

- cando se pretenda realizar no ámbito dunha reserva mariña de interese pesqueiro

2. Prazo

As solicitudes deberán remitirse cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para a realización das mostraxes/prospeccións

3. Contido mínimo da solicitude

Na solicitude (anexo I) deberá constar como mínimo os seguintes aspectos:

3.1. Entidade solicitante e investigador principal ou director do proxecto

3.2. Medio para a notificación da resolución

3.3. Breve referencia ao proxecto para o que se require a mostraxe/prospección e obxectivos

3.4. Especies e número de individuos para cada unha delas e intervalo de talla ou peso dos individuos a capturar

3.5. Metodoloxía e elementos a empregar para a mostraxe/prospección

3.6. Zona de mostraxe claramente identificada (coordenadas e mapa)

3.7. Días e horario previsto para a mostraxe/prospección

3.8. Destino das mostras

3.9. Relación e DNI das persoas que participen na mostraxe/prospección e vehículos e/ou embarcacións que se empreguen

3.10 No caso de que para a mostraxe se requira o uso de **técnicas de mergullo, terase que indicar expresamente na solicitude** e deberase remitir ademais:

- a) Solicitude de autorización de intervención hiperbárica (procedemento 621 A), que se achega a esta circular (anexo II)

b) Memoria que indique os seguintes extremos, segundo establece o artigo 4º da Orde de 23/04/1999 (DOG núm.90, do 12 de maio):

- Tipo de traballo, profundidade e descrición
- Lugar e datas en que se vai a realizar
- Empresa de mergullo profesional ou entidade responsable, e persoa ao cargo
- Persoa ou persoas que van actuar de xefe de equipo
- Mergulladores que van participar e titulación que posúen
- Horario e tempo aproximado diario
- Equipo e plantas de mergullo utilizadas
- Gases respirables que se van a utilizar
- Embarcacións, maquinaria, equipos, ferramenta, ... que se vaian a utilizar
- Empresa ou entidade para a que se realiza o traballo, domicilio social e persoa responsable...

c) Fotocopia compulsada do NIF se o solicitante é persoa física ou CIF da empresa ou entidade solicitante e fotocopia compulsada do DNI do administrador ou representante legal dela

d) Fotocopia compulsada das tarxetas profesionais dos xefes de equipo e de todos os membros que o compoñen

e) Fotocopia compulsada do libro diario de mergullo ou da libreta de actividades subacuáticas do xefe de equipo